

# Escolma de poesía relixiosa

FRANCISCO CARBALLO

**N**on tiñamos antoloxías de poesía relixiosa galega, agora temos tres: a do Diurnal, a de Vitorino Pérez Prieto e a de Félix Villares.

O Diurnal –libro de rezo en galego– foi o primeiro en escoller un feixe de poemas de autores actuais. Libro soporte para orar, que entenece. A “Escola poética de Mondoñedo” de Félix Villares estuda, desde o século XVIII a hoxe, unha realidade galega de poesía en gran parte relixiosa.

A antoloxía de poesía relixiosa galega (*Os ríos pasan cheos de Deus*) de Vitorino Pérez recolle unha ampla mostra literaria desde o Medioevo a hoxe. Como toda escolma ten estrelas e lunares. Estes porque lle dá espazo á literatura relixiosa inda que non poética ou por adiviñar en poemas fondos de posíbel interpretación relixiosa.

Mais iso é inevitábel. Á beira, unha morea de poemas relixiosos: metáforas vivas e respostas á intención do autor:

“Tivemos presente o “carácter de oración”, explícita ou pola calidade de reflexión profunda sobre cuestións humanas transcendentais, sobre o divino e o humano” (páxina 37). Hai na antoloxía, en cantidade, poesía relixiosa. Houbo un esforzo grande na busca deses poemas. Para min, os que mellor intentaron poesía relixiosa amais de Rosalía de Castro, son Ramón Cabanillas, Xosé María Díaz Castro e Faustino Rei Romero. Neles cabe atopar grandes achados. Cabanillas e Rei intentaron, a propósito, poesía relixiosa: “Samos” é o mellor logro de Cabanillas. De Rei hai poemas devoradores de alento relixioso. Castro é o Xoán da Cruz galego: clamor de presenza divina e solidariedade co pobo.

“Os ríos baixan cheos de Deus” satisfai unha urxencia: Cantos acudiamos a un soporte poético na vivencia oracional e de animación cristiá, tiñamos que andar sempre á caza e pesca de poesía galega dispersa. O autor desta escolma dános unha boa axuda: Auga fresca a beber. E, igualmente, provée de material os crentes que beben na “relixiosidade popular”, devocionista e recitativa. Así as panxoliñas son tenrura, símbolos provisorios para aguante da xeadada da vida. ♦